



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISORIA DOS PROXECTOS PREMIADOS DA I EDICIÓN DOS PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE - SERVIZO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria da I Edición dos Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe – Servizo da Universidade da Coruña, publicada en sede electrónica o día 1 de agosto de 2019, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña resolve publicar a listaxe provisoria de proxectos de innovación docente en aprendizaxe-servizo premiados.

As persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideren convenientes no prazo de 3 días hábiles dende o día seguinte á data da publicación desta listaxe. As alegacións poderán presentarse preferiblemente na Sede Electrónica UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, nos rexistros auxiliares (campus A Coruña – Zapateira, e Edificio de Usos Administrativos no campus Ferrol – Esteiro) ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Transcorrido este prazo e contestadas de ser o caso as alegacións presentadas, a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente resolverá definitivamente.

A Coruña, 14 de novembro de 2019

Nancy Vázquez Veiga

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Listaxe provisoria de proxectos de innovación docente en aprendizaxe-servizo premiados

PREMIO	PROXECTO	DOCENTES	CONTÍA
1º	Cartografía social do dereito ao hábitat na cidade da Coruña	Laura Cruz López Juan José Bueno Aguiar Roberto Suárez Brandariz	1.500,00 €
2º	Fisioterapia escolar en un Colegio de Educación Especial	Verónica Robles García	900,00 €
3º	Aprende Física e divértete	Ana Isabel Ares Pernas María José Abad López	600,00 €